



Guía Docente						
Datos Identificativos				2011/12		
Asignatura (*)	A educación dos medios de comunicación na sociedade multipantalla		Código	652439008		
Titulación	MESTRADO UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN, ORIENTACIÓN E AVALIACIÓN EDUCATIVA					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3		
Idioma	CastelánGalego					
Prerrequisitos						
Departamento	Pedagogía e Didáctica					
Coordinación	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es			
Profesorado	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>A finalidade do título Master Universitario en ?Innovación, Orientación e Avaluación Educativa? é a adquisición por parte do estudiante dunha formación avanzada de carácter especializado e multidisciplinar no campo da Innovación, Orientación e Avaluación educativa, encamiñada a súa especialización académica e científica e a promover a iniciación en tarefas investigadoras. Preténdese formar profesionais e investigadores cunha visión crítica e proactiva, que contén cos elementos teóricos, metodolóxicos e tecnolóxicos necesarios para deseñar, avaliar e liderar alternativas educativas innovadoras.</p> <p>A asignatura A educación dos medios de comunicación na sociedade multipantalla aporta aos estudios deste máster a necesaria formación académico/investigadora no campo da educación mediática para aqueles estudiantes que queren seguir a súa carreira académica e profesional neste ámbito. A educación mediática non só é un área de estudio de especial relevancia na sociedade actual, a cal é definida como sociedade da información e sociedade multipantalla, senon que é un área fundamental na formación de toda aquela persoa interesada na investigación e a innovación educativa. Todo profesional e investigador no ámbito educativo debe coñecer o papel dos medios de comunicación na sociedade actual e na educación; debe ademais ser capaz de analizar de forma crítica os produtos mediáticos tendo en conta todos os aspectos relacionados coa súa producción, distribución e recepción; debe tamén ser capaz de levar a cabo procesos de produción, participación crítica e creación propia de productos mediáticos; e debe finalmente ser capaz de contribuir ao avance da investigación e aplicación nos campos de acción educativa dunha adecuada educación en medios de comunicación.</p>					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Ser capaz de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos críticos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexóns sobre as responsabilidades e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A6	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.
A7	Ser capaz de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento, a innovación nos procesos educativos, a avaliación e o cambio.
A11	Deseñar e realizar investigacións educativas tanto con metodoloxías cuantitativas como cualitativas para identificar problemas e necesidades.
A13	Utilizar de maneira creativa as novas tecnoloxías para optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe e orientación profesional, e deseñar sistemas para educación con base en Internet.
A16	Xerar coñecementos e capacidades científicas para elaborar proxectos de innovación educativa que incrementen a xustiza social nos ámbitos do xénero, a multiculturalidade, a discapacidade, a clase social e a identidade asociada a calquera característica humana.
A17	Desenvolver temáticas propias da Sociedade da Información aplicadas á educación para promover a igualdade social e rexional, e a mellora do benestar e a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás.



A18	Preparar ós futuros investigadores para a transformación e innovación do sistema educativo formal e da educación non formal e responder ós retos que a Sociedade da Información xera, aproveitándose das posibilidades que ofrecen as telecomunicacións para a aprendizaxe.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de adaptación a situacións novas.
B3	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B4	Traballar de forma colaborativa.
B5	Capacidade de organización e planificación.
B6	Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos formais e non formais.
B7	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como investigador.
B8	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e comprender o papel e as características dos medios de comunicación na actual sociedad da información e sociedad multipantalla	AI5 AI6 AI16	BI1 BI7	CM4 CM8
Ser capaz de levar a cabo procesos de investigación e análise crítico de distintos tipos de produtos mediáticos tendo en conta todos os aspectos que inflúen na súa producción, distribución e recepción.	AI1 AI5 AI10 AI16	BI1 BI4	CM1 CM3
Ser capaz de levar a cabo procesos de investigación para a producción, participación crítica e creación de productos mediáticos propios.	AI1 AI6 AI10 AI12 AI16 AI17	BI2 BI4 BI6	CM1 CM3 CM4
Ser capaz de elaborar propuestas innovadoras e de calidad no campo da educación mediática e para o traballo educativo cos medios de comunicación.	AI6 AI15 AI16 AI17	BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8	CM5 CM7

Contidos

Temas	Subtemas



Os medios de comunicación na sociedade multipantalla.	Características da sociedade da información e a sociedade multipantalla. Papel e características dos medios de comunicación na sociedade actual.
A educación en medios de comunicación.	Historia e perspectivas de trabalho e investigación no campo da educación mediática. Educación mediática e política educativa.
Os factores determinantes dos medios de comunicación.	As institucións dos medios e as súas formas de funcionamento. A investigación sobre os procesos de producción mediática.
A análise de produtos mediáticos.	Lectura de imaxes e outras técnicas para á análise de produtos mediáticos. Propostas de investigación e análise de distintos produtos mediáticos.
As audiencias e os procesos de recepción.	Os estudios sobre audiencias. Propostas de investigación da recepción de significados por parte das audiencias.
A producción e creación de produtos mediáticos.	Recursos tecnolóxicos de software comercial, gratuito e/ou libre e recursos da web 2.0 para a participación crítica e a creación mediática. Elaboración de propostas de investigación e producción mediática.
O traballo educativo cos medios de comunicación.	Estratexias de aula na educación mediática. Elaboración de propostas innovadoras de traballo educativo con medios de comunicación.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabajo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	0	15	15
Lecturas	0	14	14
Traballos tutelados	0	15	15
Saídas de campo	2	0	2
Sesión maxistral	6	0	6
Prácticas a través de TIC	4	8	12
Análise de fontes documentais	2	0	2
Discusión dirixida	2	0	2
Obradoiro	5	0	5
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	O estudiante realizará unha investigación baseada nun estudio de caso que consistirá na análise dun producto mediático prestando atención aos aspectos da producción, linguaxe e representación e recepción, e tendo os traballos realizados ao longo do curso para exemplificar os conceptos explicados nas clases.
Lecturas	O estudiante terá a que levar a cabo unha serie de lecturas de documentos escritos, audiovisuales e na rede sobre os contidos da materia.



Traballos tutelados	O estudiante levará a cabo unha serie de traballos que exemplifican os distintos conceptos clave da educación mediática explicados nas clases.
Saídas de campo	Se levará a cabo unha visita á algunha empresa dos medios de comunicación.
Sesión maxistral	A profesora levará a cabo presentacións e explicacións sobre os contidos da materia.
Prácticas a través de TIC	Se realizarán actividades de producción e creación utilizando diversos recursos tecnológicos.
Análise de fontes documentais	Se realizarán actividades de análise de documentos escritos, audiovisuais e na rede.
Discusión dirixida	Se realizarán actividades de debate sobre as presentacións e explicacións realizadas pola docente e sobre ás análise de fontes documentais levadas a cabo.
Obradoiro	Se desenvolverá un obradoiro dedicado á propostas innovadoras de trabalho educativo con medios de comunicación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	Nas horas dedicadas a tutorización do estudiante se atenderá a todas as dúbidas que podan xurdir na realización das tarefas requeridas nos traballos tutelados, na investigación do estudio de caso, no proceso de producción e creación dun producto mediático e na realización dunha proposta innovadora de trabalho educativo cos medios de comunicación.
Traballos tutelados	
Prácticas a través de TIC	

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	Investigación dun producto mediático.	25
Traballos tutelados	Actividades realizadas nas clases	25
Prácticas a través de TIC	Producción e creación dun producto mediático.	25
Obradoiro	Traballo de investigación-acción para a elaboración de propostas de trabalho educativo con medios de comunicación.	25

Observacións avaliación	
Debido a natureza da materia é moi importante a asistencia ás clases a cal se terá en conta na avaliação. Os estudiantes asistentes (se considera alumnos asistentes os que van ao 80% das clases e non asistentes os que non van ou van a menos do 80% das clases) farán os traballos tutelados en grupo e o estudio de caso, a creación dun producto mediático e o obradoiro de forma individual. A asistencia ao obradoiro será obligatoria. Os estudiantes non asistentes farán o estudio de caso e a creación dun producto mediático de forma individual (50%) e un exame escrito (50%).	

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomienda cursar simultaneamente	
Política, cultura, educación e xustiza curricular en sociedades democráticas/652439013	
Materias que continúan o temario	
Observacións	
Asistencia ás clases, adecuado traballo colaborativo e individual dende o principio das clases, asistencia a titorías.	

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías